




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Ria de Camariñas. Municipio: Camariñas. Parroquias: San Xurxo de Camariñas. Extensión: 0,46km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

O relevo artículase ao redor da elevación granítica de Monte Atalaia, situada no norte da unidade. Desde esta superficie dómica, as pendentes descenden ao seu redor conformando un monte redondeado no que as pendentes se manteñen homoxeneamente ao redor dos valores de 20 - 30 %. Cara ao sur, estas vertentes suavízanse até desenvolver unha plataforma litoral que culmina en Punta Viloeira, e remata nos cantís que caracterizan a liña de costa occidental da unidade.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade por completo pertencente ao Dominio hercínico, representado por un granitoide migmático.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido. Recóllense entre 1200mm e 1400mm de precipitación acumulada media ao ano. As temperaturas en xeral son suaves con valores medios por riba de 15°C e unha oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

Vertente acantilada con características edáficas homoxéneas xa que está formada principalmente por solos esqueléticos do tipo regosol asociados á natureza granítica do substrato.


AS AUGAS

A rede de drenaxe ocupa as curtas ladeiras con compoñente meridional do Monte da Atalaia, polo que é moi pouco significativa. Na costa desta unidade ten lugar o paso das Augas Costeiras do Cabo Vilán (20135) ás da Ría de Camariñas (20136).

O PATRIMONIO NATURAL

Encóntrase dentro da área de importancia para as aves (IBA) Costa da Morte. Trátase dunha costa rochosa acantilada baixa. O hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos é o máis importante, ao que se suma o 1210 de refugallo mariño acumulado, que aparece pola presenza dalgúns sectores de plataforma e algunhas praias de cantos. As vertentes costeiras presentan hábitats de mato seco costeiro, potencialmente o 4030, breixos secos europeos e 4040, breixos secos atlánticos costeiros de Erica vagans, aínda que se econtran moi antropizados.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O Monte de Atalaia, que noutra época tivo as súas ladeiras intensamente cultivadas, presenta agora unha superficie con pouco uso produtivo, este abandono da agricultura deu paso á recuperación de mato e outra vexetación costeira. Algunhas masas forestais de repoboación, moi fragmentadas aínda que cunha extensión relativamente grande, canda certas parcelas agrarias aínda en uso, son as únicas actividades produtivas do ámbito.

MORFOLOXÍA

Non hai ningún asentamento na unidade. Algunhas vivendas unifamiliares illadas distribúense pola ladeira sur do Monte da Atalaia, sen conformar unha entidade recoñecible.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Ningunha estrada importante atravesa o territorio. As únicas vías que hai nesta unidade fixéronse para garantir a accesibilidade ás parcelas forestais e de cultivo e a determinados puntos do litoral desde os asentamentos tradicionais vindeiros.

PATRIMONIO HISTÓRICO

A Bateria do Soberano, tamén coñecida como Castelo do Soberano (na honra de Carlos III) foi construída a mediados do s.XVII na Punta Violeteira dentro do conxunto de fortificacións para a defensa da zona costeira. Constaba dun recinto amurallado cun baluarte, dous medios baluartes e un foxo entre eles. Para a defensa da parte que daba ao mar construíuse unha batería curva con dezasete troneiras. No extremo occidental do ámbito catalógase unha antiga cetaria hoxe abandonada como exemplo de patrimonio industrial.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

As características morfolóxicas do terreo singularizan o espazo: o Monte da Atalaia e o Monte do Castelo delimitan o ámbito ao este e funcionan como separación física e funcional de Camariñas, mentres que unha ampla planicie se desenvolve cara ao oriente ata o mar. O coido de Portocelo, entre Punta Villoeira e Punta do Castelo, tamén é unha formación xeográfica particular. Territorio caracterizado polas fortes pegadas dunha explotación tradicional relativamente intensa, actualmente case abandonada. A antiga estrutura parcelaria mantívose, conservándose un valioso conxunto de muros de peche nas zonas próximas ao litoral, e condicionando as novas superficies de explotación forestal que ocupan as partes altas do conxunto.

DINÁMICA DA PAISAXE

Terreo que tradicionalmente soportou actividades agrícolas relativamente intensas ao longo das terras máis baixas situadas ao longo da franxa costeira oriental, continuando as da unidade de Praia de Lago. Boa parte destas explotacións hoxe en día foron abandonadas, manténdose tan só as súas expresivas trazas físicas, dando paso a bosquetes de repoboación ou deixándose invadir por vexetación costeira de mato. As partes máis altas do Monte da Atalaia non foron traballadas nunca coa mesma intensidade, aínda que existían algunhas parcelas de cultivo que na actualidade se combinan con novos usos forestais. Tamén desempeñou antigamente un importante papel defensivo, con fortificacións aproveitando a súa privilexiada situación con respecto á embocadura da ría.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

15 A unidade pertence ao Espazo de Interese Paisaxístico Punta Villoeira, de especial valor, xa que se trata do territorio que delimita a boca da ría de Camariñas polo norte, e ten unha presenza moi importante desde calquera punto da costa. Portocelo caracterízase pola variada gama de cromatismos dun brazo de terra que penetra na ría para albergar unha estrutura de parcelas e muros tradicionais, que historicamente xogou un papel moi importante como bastión defensivo da zona, como testemuñan os restos da Bateria do Soberano. Ademais, a súa posición con respecto ao núcleo de Camariñas fai que funcione como unha barreira natural que resgarda a poboación dos ventos que sopren de mar aberto, protexendo a enseada na que se sitúa. A importancia ambiental e paisaxística dos cantís que compoñen o seu litoral oriental valeu para que estas terras se inclúan dentro da Rede Galega de Espazos Naturais e na Rede Natura 2000 da Unión Europea. As conexións visuais que establecen con practicamente calquera punto da ría permiten entender este fenómeno no seu conxunto, abarcando desde Punta da Barca en Muxía ata a desembocadura do Río Grande. Desde Punta Villoeira, ademais, obtense unha visión lonxitudinal da unidade que se prolonga polo Monte Farelo e ten o Cabo Vilano como fondo da perspectiva.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



